

Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

L

K

M

O

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPRADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 17 DE NOVEMBRO DE 2014.

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.


1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta núm. 47/2014 correspondente á sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 10 novembro de 2014.

Non habendo alegacións á mesma, **por unanimidade dos asistentes, acordouse** aprobar as mesmas e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse conceder licenza de obra para acondicionamento de local para froitería en rúa Wenceslao Calvo Garra, nº 5, baixo, dereita, de Lalín.



3.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRAS.

3.1.- Acordouse declarar a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS PRESENTADA POR GAS GALICIA SDG S.A.

3.2.- Acordouse declarar a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS presentada pola Comunidade de propietarios do edificio Juaquín Loriga nº 24, Lalín.

4.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE ACTIVIDADE.

4.1.- Acordouse declarar a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para despacho de asesoramento estético e de beleza sito en rúa da Habana, nº 15, 1º F, de Lalín.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE.

5.1.- Acordouse declarar a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA para o cambio de titularidade de Café Bar, sito na rúa Pintor Laxeiro, nº 12, de Lalín.

6.- INFORME PREVIO.

6.1.- Acordouse aprobar o *INFORME RELATIVO Á PETICIÓN FORMULADA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (exp. Nº IN 407A 2014/185-4) EN RELACIÓN AO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA AO PAZO DE LIÑARES.*

7.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

7.1.- Acordouse aprobar o informe emitido ao efecto polo enxeñeiro técnico municipal *sobre unha parcela situada preto do lugar de Castro, de Lalín*

8.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.



Secretaría Xeral

8.1.- Acordouse celebrar un contrato menor para a montaxe, instalación, mantemento, desmontaxe, transporte e almacenamento de materiais para a iluminación extraordinaria ornamental de Nadal no Concello de Lalín.

8.2.- Acordouse autorizar o gasto para a contratación da dirección facultativa de director de execución de obra e coordinador en materia de seguridade e saúde das obras denominadas “REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALÍN”.

8.3.- Acordouse prorrogar de mutuo acordo o contrato administrativo denominado “SERVIZO DE TELEFONÍA E INTERNET, A IMPLANTACIÓN DE VOZ SOBRE IP E A INTERCONEXIÓN DOS SEUS CENTROS DEPENDENTES (CMSS012012), LOTE 1: IMPLANTACIÓN DE VOIP, INTERCONEXIÓN DE CENTROS DEPENDENTES E SERVIZOS DE TELEFONÍA FIXA E INTERNET”.

8.4.- Acordouse adxudicar a obra denominada “REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALÍN”.

8.5.- Acordouse Iniciar o expediente de contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA REPARACIÓN E MANTEMENTO DE CAMIÑOS, ESTRADAS E VÍAS PÚBLICAS”.


9.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.

9.1.- Acordouse aprobar as altas en auga e saneamento presentadas pola empresa Concesionaria.

10.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

10.1.- Acordouse a devolución de aval depositado na Tesourería Municipal polo importe de 15.000 € como garantía para responder do 15 % da “*Efectiva urbanización da porción de solar sito na rúa C, núm. 19, de Lalín, así como parte da zona verde ao outro lado da propiedade de D. Luís Rodríguez*”.

10.2.- Acordouse a devolución de avais depositados na Tesourería Municipal (operacións núm. 2010-8580 e 2010-8621) polos importes de 22.199,36 e 22.199,35 € como garantía para responder do contrato “*Servizo público de limpeza viaria e recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (R.S.U.) do Concello de Lalín*”.



Secretaría Xeral

10.3.- Acordouse a devolución da fianza depositada na Tesourería Municipal polo importe de 733,20 € como garantía para responder do “*Proxecto de desenvolvemento dos campamentos deportivos de verán 2014 do Concello de Lalín*”.

10.4.- Acordouse a devolución da fianza depositada na Tesourería Municipal polo importe de 1.700 € como garantía para responder das obras de “*Acondicionamento de cuberta na edificación sita na rúa Molinera, núm. 10 de Lalín*”.

11.- FACTURAS E CONTAS.

11.1.- Acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe de 240.401,10 €.

11.2.- Acordouse aprobar a liquidación impositiva-ingreso directo período voluntario concepto: Costas procesais, practicada pola Tesourería Municipal con data 12 de novembro de 2014, exercicio 2014.

12.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.


12.1.- Acordouse a aprobar a Campaña *Nengún Neno e Nena sen Xoguete 2014*.

12.2.- Acordouse aprobar axudas de emerxencia e necesidade social polos importes de 150,00 euros e 150,64 euros.

12.3.- Acordouse aprobar o erro padecido na sesión da Xunta de Goberno Local de 27 de outubro de 2014 en relación coa aprobación da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos.

12.4.- Acordouse solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 63 do día 30 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

12.5.- Acordouse aceptar a renuncia presentada pola aspirante seleccionada como monitora socorrista, contratada ó abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2014, con efectos do 10 de novembro de 2014.



Secretaría Xeral

12.6.- Acordouse aprobar o PADRÓN DAS TAXAS POR ABASTECIMENTO DE AUGA E DE SUMIDOIROS (3º TRIMESTRE DE 2014).

12.7.- Acordouse aceptar a solicitude de varios funcionarios para asistir o curso “*Tratamento Urbanístico do espazo rural en Galicia*”, nas datas 19, 20 e 21 de novembro no Concello de Lalín.

12.8.- Acordouse aprobar a en relación coa xustificación da subvención concedida ao Concello de Lalín ao abeiro da Resolución do 31 de xullo de 2014, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se resolven as solicitudes de axudas e subvencións a entidades locais para a promoción de igualdade, convocadas pola Resolución 30 de abril de 2014 e cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

12.9.- Acordouse o cambio titularidade na taxa por entrada de vehículos a través das beiravías e reservas de vía pública para apartado exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

12.10.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 7.659,30 € (IVE incluído), con destino ó subministro do equipamento para o GES.

13.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.


13.1.- Acordouse designar o representante do Concello de Lalín no Consello Escolar do I.E.S. “Laxeiro” de Lalín.

13.2.- Deuse conta do Plan de Práctica laboral nos Concellos da provincia para o ano 2015.

13.3.- Deuse conta do escrito remitido no que comunican que o canon de SOGAMA baixa un 10 % con efectos de 1 de xaneiro de 2015, pasando polo tanto a 67,18 euros máis IVE.

13.4.- Deuse conta do inicio do cumprimento do Plan de Execución de Traballos en Beneficio da Comunidade, de 40 xornadas, correspondente á executoria núm. 473/2014 do Xulgado do Penal, núm. 3, de Pontevedra.

13.5.- Deuse conta do inicio do cumprimento cumprimento do Plan de Execución de Traballos en Beneficio da Comunidade, de 20 xornadas, correspondente á executoria núm.



Secretaría Xeral
394/2014 do Xulgado do Penal núm. 4 de Pontevedra.

13.6.- Acordouse designar o representante do Concello de Lalín no Consello Escolar do C.E.I.P. “Varela Buxán” de Lalín.

13.7.- Deuse conta da solicitude para o acceso ó expediente ou expedientes administrativos relativos á construción das instalacións do Lalín Arena.

13.8.- Deuse conta do Convenio de colaboración en materia de protección civil e emerxencias.


=====

L

K

M

N



Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

L

K

M

O